

*"Louvado sexa Deus tamén por terme dado o don da fala nosa, por terme ensinado a dicir 'rula' e 'abidueira' e 'dorna' e 'ponte' e 'fonte', e entón eu, sabendo estas palabras, era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte.*

*As miñas invencións e as miñas maxias teñen, nembargante, un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo. Eu quixen que Galicia continuase e, ó lado da patria terrenal, da patria que son a terra e os mortos, haxa esta outra patria que é a fala nosa. Se de min algún día, despois de morto, se quixese facer un eloxio, e eu estivese dando herba na terra nosa, podería dicir a miña lápida: "Aquí xace alguén, que coa súa obra, fixo Galicia durase mil primaveras máis".*

**Álvaro Cunqueiro**



# **MALETA VIAXEIRA**

# **"OS MUNDOS DE CUNQUEIRO"**

*"Nos días das grandes romaxes, o camiño estaba poboado de hospitais e pousadas para os xacobitas. O camiño tiña don de linguas: un poeta francés lía os seus versos ó amor do lume e os labregos entendíanos en galego." **Álvaro Cunqueiro. Lugo***



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de  
Centros e Recursos Humanos



## “OS MUNDOS DE CUNQUEIRO”

O 2011 foi declarado polo Consello da Cultura Galega, “Ano Cunqueiro”, por mor do celebrarse o centenario do seu nacemento.

Con este motivo recóllense nunha nova “maleta viaxeira” algunhas das obras deste escritor, xunto con outros títulos de autoría diversa, inspirados no fértil imaxinario creado por Álvaro Cunqueiro. Acompáñanse, entre outro material, dunha breve mostra de músicas publicadas a partir dos seus poemas. A título de exemplo, inclúense tamén dous textos que poden ter interese pola súa curiosidade (un de Carlos Negro e outro de Eusebio Lorenzo Baleirón).



### UNHA MALETA VIVA QUE VIAXA

- Esta maleta é só un inicio...
- Proponse aos centros para que a utilicen á súa maneira, en función dos seus obxectivos e ofrécese como un proxecto colaborativo, que se irá enriquecendo coas achegas de todas e todos.
- A maleta terá a súa sede na Asesoría de Bibliotecas Escolares (Consellería de Educación e O.U. San Caetano. Santiago de Compostela). Desde aquí se organizará o percorrido da mesma, en función das solicitudes.
- O centro interesado realizará a súa solicitude e deberá recoller e entregar a maleta, asumindo os custos se fose preciso.
- Antes de entregar a maleta, deberán revisar que están todos os materiais, así como o bo estado dos mesmos.
- No caderno da maleta poderán realizarse cantas suxestións se estimen oportunas (de contido, de funcionamento....)
- O tempo de uso da maleta non poderá superar un mes, e en calquera caso, acordarase coa Asesoría de B.E., en función da demanda.

### RECURSOS sobre Álvaro Cunqueiro na Rede:

- <http://bvg.udc.es/> Ficha de autor.
- <http://gl.wikipedia.org/wiki/Cunqueiro> Cunqueiro na Wikipedia
- <http://amediavoz.com/cunqueiro.htm> Recensión biográfica e fragmentos da obra poética
- <http://cvc.cervantes.es/actcult/cunqueiro/default.htm> Monográfico do centro Virtual Cervantes
- <http://cvc.cervantes.es/actcult/cunqueiro/bibliografia.htm> Bibliografía de Cunqueiro CVC
- [http://www.cervantes.es/bibliotecas\\_documentacion\\_espanol/biografias/damasco\\_alvaro\\_cunqueiro.htm](http://www.cervantes.es/bibliotecas_documentacion_espanol/biografias/damasco_alvaro_cunqueiro.htm) Biografía Cunqueiro na BVC
- <http://www.epdip.com/escritor.php?id=1618> Semblanza, bibliografía e fragmentos das súas obras
- <http://video.google.es/videoplay?docid=-2516692118735669028#> Video de entrevista en TVE
- <http://www.consellodacultura.org/cunqueiro2011/> Cunqueiro na páxina do Consello da Cultura Galega
- <http://www.biografiasyvidas.com/biografia/c/cunqueiro.htm> Cunqueiro na páxina de Biografías
- <http://www.editorialgalaxia.com/descargas/biografia.pdf> Biografía na páxina da Editorial Galaxia
- <http://sondepoetas.blogspot.com/2007/11/no-nio-novo-do-vento-hai-unha-pomba.html>
- <http://sondepoetas.blogspot.com/2009/10/polos-teus-ollos-quen-pasou-amiga.html>
- <http://sondepoetas.blogspot.com/2008/02/unha-cancin-foi-prohibida-no-sur.html> Tres poemas de Cunqueiro musicados por varios cantantes, na páxina de sondepoetas.
- <http://www.march.es/conferencias/anteriores/voz.asp?id=674> Conferencia en audio na Fundación Juan March
- [http://www.letrasdegalicia.com/interior.php?txt=arbores\\_web31&lg=cas](http://www.letrasdegalicia.com/interior.php?txt=arbores_web31&lg=cas) Cunqueiro en Letras de Galicia. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura.
- <http://www.galiciaespallada.com.ar/cunqueirococinagalegaosvinhos.htm> Texto de Cunqueiro sobre os viños de “A cociña galega” en Galicia espallada.
- <http://www.prazadasletras.org/letras/autores/autor/239/alvaro-cunqueiro-mora> en Praza das Letras
- <http://www.editorialgalaxia.es/exposicions/merlinefamilia.php> Exposición realizada no 2005 sobre Cunqueiro. Editorial Galaxia

# CONTIDO DA MALETA

Libros			
Autor	Titulo	Colección	Editorial
Bello, Xuán	Os nomes da terra		Edicións Positivas
Cabana, Dario Xohán	Galvan en Saor	Narrativa	Xerais
Cabana, Dario Xohán	O Castrón de ouro	Árbore	Galaxia
Calveiro, Marcos S	Sari, soñador de mares	Catavento	Tambre
Castro, Francisco	Chamádeme Simbad	Árbore	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	As crónicas do sochantre	Literaria	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Merlín e familia	Biblioteca Álvaro Cunqueiro	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Don Hamlet e outras pezas	Biblioteca Álvaro Cunqueiro	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Dona de corpo delgado	Dombate	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Xente de aquí e acolá	Biblioteca Álvaro Cunqueiro	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Tesouros nova e vellos	Literaria	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Se o vello Sinbad volvese ás illas	Literaria	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Poesía 1932-1933 Mar ao Norde	Biblioteca Álvaro Cunqueiro	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Os outros feirantes	Biblioteca Álvaro Cunqueiro	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Un home que se parecía a Orestes	Áncora y Delfín	Destino
Cunqueiro, Álvaro	Herba aquí e acolá	Dombate	Galaxia
Cunqueiro, Álvaro	Escola de menciñeiros	Literaria	Galaxia
Docampo, Xavier P	O libro das viaxes imaxinarias		Xerais
Lorenzo Baleirón, Eusebio	Libro das viaxes e dos soños	Narrativa	Vía Láctea
Martín, Paco	Oficio de vellos mesteres	Sete Mares	Galaxia
Méndez Ferrín, Xosé Luís	Amor de Artur	Narrativa	Xerais
Méndez Ferrín, Xosé Luís	Arnoia, Arnoia	Fóra de xogo	Edicións Xerais de Galicia
Negro, Carlos	As laranxas de Alí Babá	Poéta en Compostela	Grupo Correo Gallego
Queipo, Xavier	Saladina	Costa Oeste	Galaxia
Reigosa	Lu e Go pola muralla		Alfaguara Obradoiro
Seoane, Xabier	Filiberto e Sofonisba		
VV.AA	Álvaro Cunqueiro. Fotografía sonora	Fotobiografías sonoras	Ouvirmos
VV.AA	El rei -Artur e a abominalbe dama	Contacontos	Ir indo
Música			
Amancio Prada	A dama e o cabaleiro		BMG. Ariola
VV.AA	Once máis 15. Poemas musicados		Edicións do Cumio
Outros			
Centro Virtual Cervantes	Bibliografía Álvaro Cunqueiro		
Exposición 50 Anos con Merlín e familia	Biografía de Álvaro Cunqueiro		Edit. Galaxia
Lorenzo Baleirón, Eusebio	Os días olvidados" en Gramática do silencio		
Negro, Carlos	Mondoñedo malabar:os novos feirantes		
Cunqueiro, Álvaro	Laude do alvaríño		

### **Máis suxestións....**

- Escoller pequenos textos que poidan lerse en voz alta para ir despertando o apetito, como “Plática de mares arábigos que fixo Simbad en Chipre aos pilotos gregos asegún foi recollida por Teotikes Papadopoulos de Esmirna”
- Revisar as ilustracións que realiza Luís Seoane para a poesía de Cunqueiro e realizar un obradoiro para ilustrar outros poemas.
- Ler e representar algunha das súas obras de teatro. Pode ser a Xornada primeira, Escena I de *O incerto S. D. Hamlet, príncipe de Dinamarca* ou a pequena obra “A dama que enganada por un demo elegante quixo mercarlle ao vento a perdiz que falaba”, tamén coñecida por “A verdadeira historia dun mandarín que por non gastar quedou cornudo”, doadamente representable, tamén con títeres e inxerida na obra *As crónicas do sochantre*.
- Observar o caligrama “Laude do alvariño”, buscar outros exemplos de caligramas e escribir un.
- Revisar a exposición “Merlín e familia” tal como aparece na páxina da Editorial Galaxia. Aproveitar os materiais e referencias desta para os traballos que se propoñan.
- Fabular, inventar historias introducindo a fantasía na realidade, contalas polo puro pracer de facelo... ao modo de Cunqueiro.
- Ver cales son os libros que van na maleta e non son da autoría de Cunqueiro pero están inspirados nos seus mundos. Comentar a relación que os une a eses outros.
- Analizar a influencia de Álvaro Cunqueiro na chamada “materia de Bretaña” dentro da nosa literatura. Posibilidades dun proxecto interdisciplinar a partir de personaxes, xeografías, lendas, conflitos... recollidos nas obras literarias ás que fai referencia. *(Ensino Secundario-BAC)*

### **Suxestións para o uso da Maleta “Os mundos de Cunqueiro”:**

A presenza desta maleta viaxeira na biblioteca do centro pode servir para motivar algunhas actividades:

- Realizar unha exposición cos materiais da maleta e aqueles outros relacionados con Cunqueiro que forman parte da biblioteca escolar.
- Motivar a lectura destas obras e a busca de información acerca deste autor e a súa influencia sobre a literatura posterior. A este respecto, Andrés Trapiello en *Las armas y las letras. Literatura y Guerra civil* escribe que *La historia del Caballero Rafael* que se publicara nun suplemento da revista Vértice “é a primeira novela fantástica da literatura española, anticipadora, en certo modo, das de Borges ou Calvino, que escribiron as súas vinte anos despois”.
- Elaborar un proxecto interdisciplinar arredor de Cunqueiro, tendo en conta a totalidade da súa obra: xornalística, gastronomía, viaxes, , narrativa, poesía, teatro... e as coordenadas espazo-temporais da súa vida.
- Debuxar unha liña cronolóxica cos acontecementos e obras deste autor.
- Mergullarse na narrativa de Cunqueiro buscando os personaxes das súas obras que forman parte da mitoloxía universal como Hamlet, Sinbad, Merlín, Ulises, Orestes ... e relacionar as historias orixinais coas deste creador. Outras obras como *Escola de menciñeiros*, *Os outros feirantes* ou *Xente de aquí e acolá* poden dar pé a actividades de recolleita diversa de historias, personaxes, crenzas... ou creativas como a invención de fauna máxica ou de lugares imposibles.
- Realizar unha audición das súas poesías musicadas e/ou recitadas.